



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



## Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

### MOCIÓN SOBRE DISTRIBUCIÓN OBXECTIVA E TRANSPARENTE DO PLAN ÚNICO PARA OS CONCELLOS POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

#### MOCIÓN

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión. Por iso e en coherencia coa lexislación, é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

A Deputación de Ourense ten previsto para o ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos: Plan Provincial de Cooperación, dotado con 5.308.500 euros, o Plan da Rede Viaria, orzamentado con 2 millóns, o plan de emprego, con 910 mil euros, a razón de 10 mil euros por concello, cooperación vía convenio cos concellos (1,3 millóns de euros), plan termal con 1,2 millóns de euros e acción social (1,2 millóns de euros).

De todos eles, tan só o Plan provincial, o de emprego e o de acción social, son os únicos que se distribúen a todos os concellos, en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutibles, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello e, das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento provincial, apenas supón un investimento de pouco máis do 6% do total. Trátase dunha partida cativa, que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades que temos nos concellos.

Estes datos contrastan enormemente co esforzo que están a facer nas demais deputacións galegas nesta materia, que se moven por enriba do 25% do total do orzamento (ate o 43% no caso da Deputación da Coruña); agrupando todas as subvencións ós concellos nun plan único que permite, ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo, en función de criterios ponderados, o diñeiro público, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos públicos provinciais, afondando así nas políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos.

Asemade, desde hai varios anos, feita a liquidación anual, a Deputación ven arroxando un superávit importante que se distribúe case exclusivamente, con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións arriba mencionadas. É preciso que nunha provincia que lidera os peores indicadores socio-económicos e poboacionais, con máis de 300 núcleos nos que non se



## **GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ**

conta nin con un só habitante, se creen as condicións para que as persoas poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, e para iso cómpre que os concellos poidamos dispor de recursos, e dentro da nosa autonomía municipal, destinalos para aquilo que consideremos perentorio e necesario. Cómpre tamén que a Deputación cumpra co obxectivo fixado para colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes que é o sentido da súa pervivencia como institución.

Do mesmo xeito é necesario demandar que o Partido Popular de Ourense sexa coherente co que aproban os seus alcaldes na FEGAMP e cos acordos que establece esta co goberno da Xunta, da mesma cor política. Así pois, é preciso que se implementen os criterios obxectivos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias, onde a propia Deputación está representada, que son os de: superficie, poboación, entidades de poboación e índice de envellecemento e ofrecerlle ós nosos concellos equidade e transparencia a través dun plan único. As afinidades políticas non deben influír, nunca e en ningún caso, na dotación de recursos para os veciños e veciñas; estes deben poder escoller a quen queiran como alcalde con independencia de que vaian recibir máis ou menos recursos para financiar os servizos municipais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO** que agarda sexan aprobadas polo pleno desta Corporación:

- 1.- Instar á Deputación provincial de Ourense para que no vindeiro orzamento, e tendo en conta os criterios de reparto xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto ós concellos da provincia a través dun plan único de investimentos que se sitúe na fronteira dun 1/3 do total do orzamento, como xa fan as restantes deputacións galegas.**
- 2.- Esixir da Deputación que suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ó resto das deputacións galegas.**
- 3.- Esixir de todas as administracións que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para a nosa veciñanza.**

En Allariz a 4 de Agosto de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.  
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-**